

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

18732 *Lei 18/2009, do 23 de novembro, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, en materia sancionadora.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A través da Lei 17/2005, do 19 de xullo, pola que se regula o permiso e a licenza de condución por puntos e se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, establecíase unha nova arquitectura xurídica da autorización para conducir baseada na especial apreciación e valoración polo seu titular. A Administración do tráfico comezaba a taxar o permiso e a licenza de condución nun número de puntos que procede a detraer cando o comportamento do condutor non é conforme co exixido.

Así, o 1 de xullo de 2006, data en que entrou en vigor a citada modificación, o ordenamento xurídico viario no noso país iniciaba unha nova etapa baixo o sistema denominado permiso e licenza de condución por puntos.

Os efectos non se fixeron esperar. O cambio de comportamentos dos condutores provocou unha redución moi significativa da mortalidade nas nosas estradas. Sendo así, o certo é que resulta imprescindible seguir avanzando no camiño percorrido e isto non é posible sen analizar os posibles fallos do sistema. Neste sentido, transcorridos máis de tres anos desde ese 1 de xullo de 2006, é xa posible dirixir o groso das críticas cara ao elemento que precede a toda detración de puntos: o procedemento sancionador. Son varias as reflexións que este deixa na actualidade.

En primeiro lugar, a súa excesiva dilación no tempo, a cal se fixo quizais aínda máis palpable coa entrada en vigor da modificación do Código penal operada a través da Lei orgánica 15/2007, do 30 de novembro. Así, e a título de exemplo, resulta especialmente significativo que cando a inxesta de alcohol durante a condución é especialmente elevada, e tipificada por tanto como delituosa, o reproche xurídico se produce en horas. Polo contrario, se aquela é menor, e sancionable unicamente en vía administrativa, a firmeza da sanción e a detración de puntos que esta implica prolóngase innecesariamente durante meses, aínda que non sexa intención do infractor litigar no procedemento.

Outro elemento de crítica radica na incerteza que na maioría dos condutores provoca o descoñecemento acerca da existencia dalgún destes procedementos en que puider estar incurso. O emprego, cada vez máis frecuente, de medios de detección de infraccións onde non se produce a detención do vehículo, e as deficiencias derivadas do sistema actual de notificacións no procedemento, provocan ao condutor unha clara vulneración do «dereito a coñecer» o estado da tramitación dos procedementos en que está implicado, dereito que lle recoñece o artigo 35 a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, e como ocorre no resto dos países do noso contorno, resulta necesario abordar unha adecuada configuración do sistema de responsabilidade nos supostos en que a identificación non se pode producir no acto da comisión do feito infractor. Chaman especialmente a atención os supostos en que o condutor que diariamente utiliza un vehículo se ve chamado sistematicamente a identificarse a si mesmo como o seu condutor. Por isto, resulta adecuado que se poida incorporar ao Rexistro de Vehículos a persoa que é usuaria ou condutora habitual do vehículo.

De todo o exposto anteriormente dedúcese que é imprescindible levar a cabo unha reforma integral do procedemento sancionador tendo sempre presente a ampla xurisprudencia relativa ao exercicio do «ius puniendi» por parte da Administración.

A experiencia acumulada durante os últimos anos pon de manifesto, ademais, a necesidade de construír un procedemento especial para o ámbito sancionador do tráfico onde poidan ser tidas en conta as especialidades que o diferencian dos demais procedementos administrativos.

En primeiro lugar, o seu carácter masivo. Trinta millóns de vehículos e vinte e cinco millóns de condutores dan como resultado nas nosas rúas e estradas máis de quince millóns de procedementos sancionadores por infraccións da normativa de circulación. Unha cifra que, antollándose espectacular, dista porén moito da existente no resto de países europeos da nosa contorna onde os sistemas automáticos de detección de infraccións chegan a multiplicar por dez o número existente no noso país.

En segundo lugar, o carácter mesmo da infracción de tráfico. A veracidade dos feitos outorgada polos medios técnicos homologados ou polos axentes da autoridade deixan pouca marxe á dúbida.

A diversidade de administracións con competencias sancionadoras en materia de tráfico é unha característica que tamén debe ser tida en conta. A lei unifica criterios na idea de que o condutor teña sempre presente que o seu comportamento contrario á norma, con independencia do lugar en que se cometa a infracción e da Administración competente, vai recibir o mesmo reproche xurídico.

Finalmente, con presenza probablemente en cada un dos preceptos, late a vontade de afondar na idea da sanción de tráfico como un elemento de seguranza preventiva na conducción: trátase de evitar que se produzan accidentes ocasionados por un comportamento infractor. Diferentes experiencias adoptadas en países da nosa contorna deixan claro que unha adecuada xestión do procedemento sancionador inflúe dun modo directo na redución da sinistralidade.

II

A configuración do novo procedemento sancionador en materia de tráfico artículase mediante a nova redacción dos títulos V e VI (Infraccións e sancións, e Procedemento sancionador de tráfico) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria. Constituíndo aquel o eixe central da reforma, procedeuse a alterar outros títulos, uns derivados da propia modificación do procedemento sancionador e outros como consecuencia doutras materias do texto articulado da lei necesitadas de nova redacción. Neste sentido, hai que destacar a nova ordenación do agora chamado Consello Superior de Seguranza Viaria e, por outra parte, a creación con rango de lei do Rexistro Estatal de Vítimas e Accidentes de Tráfico (RE VAT).

III

No grupo de títulos de imprescindible cambio para a correcta articulación do novo procedemento sancionador encóntrase o título II «Normas de comportamento na circulación», que no seu capítulo primeiro inclúe as obrigas xerais dos diferentes actores implicados na circulación. Ademais de introducir a non distracción como obriga do condutor, o obxectivo principal é singularizar e definir unha serie de deberes para o titular do vehículo implicándoo dun modo activo na responsabilidade da súa circulación. Dun modo máis concreto trasládase a esta parte da lei, procedente do articulado

sancionador, a obriga de todo titular ou arrendatario dun vehículo, se é o caso, de coñecer non só quen fai uso do vehículo en cada momento, senón tamén se conta coa autorización administrativa necesaria para conducilo. Desta obriga deriva o deber de comunicarlle á Administración a persoa que conducía o vehículo cando se detecta unha infracción cometida con este.

Non obstante, como na maioría dos supostos o condutor dun vehículo se converte en habitual mentres non varía a súa titularidade, permíteselle agora ao titular desentenderse das concretas obrigas de identificación antes referidas se previamente indicou quen fai uso do vehículo como condutor habitual, trasladándose a este as obrigas que corresponden ao titular.

Outro dos títulos que toma nova redacción é o título IV referente ás autorizacións administrativas. Tamén aquí se inclúe unha importante novidade que terá, sen dúbida, especiais repercusións no avance dos servizos electrónicos ofrecidos pola Administración. O tradicional concepto de domicilio físico transfórmase agora en domicilio virtual deixando atrás a incerteza que constituía o feito de non saber da existencia de expedientes sancionadores por non ter recibido ningunha notificación. Este domicilio virtual constitúese en obrigatorio para as persoas xurídicas que matriculen novos vehículos e mantense voluntario para as persoas físicas.

Non obstante, e respecto destas últimas, é previsible un uso cada vez maior deste domicilio, tendo en conta que a través desta canle o cidadán poderá recibir outra serie de comunicacións tan diversas como os avisos de caducidade da vixencia do seu permiso de condución, a necesaria inspección técnica a que o seu vehículo se debe someter en breve ou información de todo tipo referente á xestión do tráfico.

IV

Dentro xa do novo título V «Réxime sancionador» prodúcense poucos cambios respecto ao catálogo de infraccións. Tras a reordenación levada a cabo pola Lei 17/2005, do 19 de xullo, unicamente cómpre efectuar determinados axustes na descrición dalgunhas condutas. Entre elas cabería sinalar a inclusión entre as infraccións moi graves da utilización de mecanismos destinados a eludir a vixilancia e o control do tráfico.

Un aspecto sempre controvertido no dereito sancionador do tráfico é a determinación da contía económica das multas que se impoñen. Neste sentido débese recordar que non se procedeu á súa revisión nos dezoito anos que transcorreron desde a aprobación do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria. Tampouco existe agora intención de facelo en profundidade. O obxectivo céntrase nestes momentos en ofrecerlle ao cidadán seguranza no coñecemento da sanción que corresponde á infracción cometida. A determinación das contías na vixente lei ofrece ás diferentes administracións con competencias en materia de tráfico un elevado grao de discrecionalidade, provocando grandes diferenzas no reproche xurídico por uns feitos similares. Deste modo, a graduación da sanción non atende na actualidade a principios como o do perigo potencial creado ou aos antecedentes do infractor, senón, en gran medida, ao territorio onde se cometeu a infracción.

A situación resulta especialmente significativa cando a infracción cometida consiste en superar os límites de velocidade establecidos. A redacción actual da infracción administrativa grave, amplamente interpretable, e da infracción moi grave (con referencia a tantos por cento) provoca a creación de diferentes cadros sancionadores por parte das diferentes administracións con competencias en materia de tráfico. As diferenzas chegan ao límite en determinados casos especialmente flagrantes: o mesmo exceso de velocidade, cometido con identidade de vehículo, condutor e circunstancias da vía é sancionable nun punto quilométrico e non o é, polo contrario, no seguinte, este último baixo diferente Administración.

As anteriores situacións descritas motivaron que se proceda agora a definir a contía da multa nunha cantidade exacta. Só a existencia de circunstancias adicionais concurrentes como os antecedentes do infractor ou o perigo potencial creado motivará unha especial

graduación da sanción. Deste modo, e especialmente na infracción consistente en exceder o límite de velocidade, o cidadán terá certeza absoluta das consecuencias do seu comportamento infractor, independentemente da Administración que sobre el exerza a competencia sancionadora.

Fóra do ámbito da multa económica, a reforma opera tamén no resto do catálogo de sancións existentes na actualidade. Derrógase a sanción consistente na imposibilidade de obter o permiso polo período de dous anos tras ter sido denunciado, hoxe condenado, por conducir carecendo de permiso e suprímese a sanción de suspensión da autorización administrativa para conducir. Ademais do específico deber do titular, así configurado no artigo 9 bis, de coñecer en todo momento quen fai uso do vehículo e de comunicalo á Administración cando unha infracción sexa cometida, aténdese á especial problemática dos condutores non residentes que infrinxen no noso país, configurando especiais consecuencias para situacións que son realmente diferentes.

Nun capítulo especificamente dedicado a isto, a lei mantén o tradicional sistema de determinación da responsabilidade dirixido a castigar o autor do feito infractor. Non obstante, a reforma non é allea ao feito de que novas realidades exigen novas solucións. Seguindo a tendencia europea, o noso país fai uso nun número cada vez maior dos sistemas automáticos de detección de infraccións, especialmente eficaces na redución da sinistralidade, pero cunha problemática común: a identificación do condutor responsable da infracción. Mantendo o deber do titular do vehículo de coñecer e comunicar quen é o condutor, a lei articula o sistema de responsabilidade para a nova figura antes explicada do condutor habitual.

V

De especial importancia, eixe central da reforma, é o capítulo III do título V, integramente dedicado ao iter procedemental que se debe producir para que o comportamento infractor sexa sancionado. Como xa ocorre respecto das infraccións e sancións na orde social, ou dos procedementos administrativos en materia tributaria, trátase de configurar agora un procedemento específico, afastado da rixidez dunhas regras comúns, que recolla as especiais características do tráfico.

Deste modo, a reforma inclúe unha modificación expresa da Lei 30/1992, do 26 de novembro, á cal se incorpora unha nova disposición adicional oitava bis co obxecto de alterar a orde de prelación na aplicación do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, tal e como para as materias citadas anteriormente se sinala nas disposicións adicionais quinta, sexta e sétima desa lei.

Tres son as principais novidades que caracterizan agora o procedemento sancionador de tráfico: o establecemento dun procedemento abreviado, o deseño dun novo réxime na práctica da notificación que teña presentes os novos sistemas telemáticos de comunicación (correo electrónico, teléfono móbil, etc.) e a terminación de oficio do procedemento ante a falta de actuacións por parte do infractor.

O procedemento abreviado agora deseñado é similar aos coloquialmente coñecidos no ámbito penal como «xuízos rápidos». Trátase agora de ofrecerlle ao infractor a posibilidade de subscribir un pacto coa Administración sancionadora que lle permita cumprir rapidamente o castigo imposto a cambio dunha rebaixa substantiva neste. Das vantaxes evidentes que para Administración e infractor derivan do acordo hai que engadir o reforzo do principio antes apuntado da sanción como elemento de seguranza activa, xa que se afianza nos condutores a configuración dunha xustiza administrativa viaria que actúa con inmediatez e se afasta de sensacións de impunidade.

O segundo dos elementos característico do novo procedemento sancionador é a creación dun sistema de notificacións adaptado á realidade actual. As notificacións en boletíns oficiais poden efectivamente ofrecer «garantías formais» de que a notificación foi practicada. Porén, non ofrecen «garantía material» ningunha de que o cidadán teña sempre coñecemento dos procedementos que se dirixen contra el. Nestas circunstancias créanse o enderezo electrónico viario (EEV) e o taboleiro edictal de sancións de tráfico, en formato dixital.

Ambos parten da realidade que o vehículo supón e que implica o seu traslado continuo, situándose sen solución de continuidade baixo o ámbito territorial de diferentes administracións con competencias sancionadoras. Neste sentido, o condutor debe poder contar cun lugar certo de notificacións a onde todas as administracións de tráfico lle poidan remitir as diferentes comunicacións. Así mesmo, debe ser suficiente ese lugar para que calquera condutor poida coñecer se sobre el ou o seu vehículo se exerceu ou se está exercendo a potestade sancionadora en materia de tráfico, sexa cal for o ámbito territorial onde o feito se cometese. As novas tecnoloxías axudan, sen dúbida, a esta nova concepción.

VI

As medidas cautelares, agora denominadas provisionais, sofren tamén unha importante revisión. Con obxecto de asegurar a eficacia da resolución sancionadora e de garantir a seguranza viaria na circulación, adóptanse sobre o infractor novas medidas e redefínense as existentes.

Ademais, establécense outras medidas, como as que teñen por obxecto limitar ao titular a disposición sobre as súas autorizacións administrativas cando con estas quedasen sancións firmes pendentes de aboar. Finalmente, clarifícanse os supostos en que a Administración pode proceder á destrución do vehículo por ter quedado abandonado polo seu titular, medida que pasa agora a denominarse «tratamento residual do vehículo».

Tamén se establecen novidades respecto á execución das sancións e a xestión dos antecedentes do infractor. Así, o prazo de prescrición das sancións económicas e o seu cómputo adáptanse á Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Por outra parte, cabe destacar a nova condición imposta aos titulares de autorizacións administrativas de estar ao día no cumprimento das sancións para poder efectuar calquera trámite relativo a elas.

Por último, no título VI régulase, con rango de lei, o Rexistro Estatal de Víctimas e Accidentes de Tráfico, onde figurarán unicamente aqueles datos que sexan relevantes e que permitan dispor da información necesaria para determinar as causas e circunstancias en que se produciron os accidentes de tráfico dos que derivaron vítimas e as súas consecuencias. Neste sentido, o tempo demostrou que unha correcta xestión dos datos sobre accidentalidade permite adoptar medidas especiais dirixidas a reducir a sinistralidade en ámbitos ou colectivos específicos.

Artigo único. *Modificación do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo.*

O texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, modifícase nos seguintes termos:

Un. A alínea c) do artigo 5 queda redactada do seguinte modo:

«c) Conceder a autorización aos centros de formación de condutores e declarar a nulidade, así como os certificados de aptitude e autorizacións que permitan acceder á actividade profesional en materia de ensino da conducción e acreditar a dos centros de recoñecemento de aptitudes psicofísicas dos condutores, cos requisitos e condicións que regulamentariamente se determinen.»

Dous. O capítulo II do título primeiro queda redactado do seguinte modo:

«CAPÍTULO II

Consello Superior de Seguranza Viaria

Artigo 8. *Obxecto, funcións e composición.*

1. Constitúese o Consello Superior de Seguranza Viaria como o órgano de consulta e participación para o desenvolvemento e execución da política de seguranza viaria.

2. Para a mellor consecución dos seus fins, o Consello estará integrado por representantes da Administración xeral do Estado, das comunidades e cidades autónomas, das administracións locais e das entidades, fundacións, asociacións de vítimas, sector social da discapacidade e organizacións profesionais, económicas e sociais de ámbito estatal máis representativas directamente vinculadas coa seguranza viaria.

3. O Consello Superior de Seguranza Viaria exercerá as seguintes funcións:

a) Emitir informe sobre os plans nacionais estratéxicos e de actuación en materia de seguranza viaria.

b) Coñecer do seguimento e avaliacións das accións en materia de seguranza viaria postas en marcha.

c) Proporlle ao Goberno medidas e actuacións en materia de seguranza viaria.

d) Coñecer e informar sobre a evolución da sinistralidade viaria en España.

e) Emitir informe ou propor, se for o caso, os proxectos de carácter xeral que afectan a seguranza viaria.

f) Coordinar e impulsar, mediante as correspondentes propostas, a actuación dos distintos organismos, entidades e asociacións que desenvolvan actividades relacionadas coa seguranza viaria.

g) Promover a concertación e o intercambio de experiencias entre os diferentes membros do Pleno.

4. A presidencia do Consello correspóndelle ao ministro do Interior e a secretaría ao Observatorio Nacional de Seguranza Viaria.

5. O Consello Superior de Seguranza Viaria estrutúrase nos seguintes órganos: o Pleno, a Comisión Permanente, a Comisión Autónoma, a Comisión Local de Seguranza Viaria e os grupos de traballo.

6. A súa composición, réxime xurídico, orgánico e funcional determinaranse regulamentariamente. Para estes efectos, poderanse crear consellos territoriais de seguranza viaria.

7. As comunidades autónomas con competencias executivas en materia de tráfico e seguranza viaria poderán establecer os seus propios consellos autonómicos de seguranza viaria.»

Tres. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9. *Usuarios, condutores e titulares de vehículos.*

1. Os usuarios da vía están obrigados a comportarse de forma que non entorpezan indebidamente a circulación, nin causen perigo, prexuízos ou molestias innecesarias ás persoas, ou danos aos bens.

2. Os condutores deben utilizar o vehículo coa dilixencia, precaución e non distracción necesarias para evitar todo dano, propio ou alleo, coidando de non pór en perigo tanto a si mesmos como os demais ocupantes do vehículo e o resto de usuarios da vía.

O condutor deberá verificar que as placas de matrícula do vehículo non presentan obstáculos que impidan ou dificulten a súa lectura e identificación.

3. Os titulares e, se é o caso, os arrendatarios dos vehículos teñen o deber de actuar coa máxima dilixencia para evitar os riscos que comporta a súa utilización, manténdoo nas condicións legal e regulamentariamente establecidas, someténdoo aos recoñecementos e inspeccións que correspondan e impedindo que sexan conducidos polos que nunca obtiveron o permiso ou a licenza de condución correspondente.»

Catro. Inclúese un artigo 9 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 9 bis. *Obrigas do titular do vehículo e do condutor habitual.*

1. O titular dun vehículo ten as seguintes obrigas:

a) Facilitarlle á Administración a identificación do condutor do vehículo no momento de ser cometida unha infracción. Os datos facilitados deben incluír o número do permiso ou licenza de condución que permita a identificación no Rexistro de Condutores e Infractores.

Se o condutor non figura inscrito no Rexistro de Condutores e Infractores, o titular deberá dispor de copia da autorización administrativa que o habilite para conducir en España e facilitala á Administración cando lle sexa requirida. Se o titular é unha empresa de aluguer de vehículos sen condutor, a copia da autorización administrativa poderá substituírse pola copia do contrato de arrendamento.

b) Impedir que o vehículo sexa conducido polos que nunca obtiveron o permiso ou a licenza de condución correspondente.

2. O titular poderá comunicar ao Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico o seu condutor habitual nos termos que se determinen por orde do ministro do Interior e conforme o disposto no punto 1.bis do anexo I. Neste suposto, o titular quedará exonerado das obrigas anteriores, que se trasladarán ao condutor habitual.

3. As obrigas establecidas no punto 1 e a comunicación descrita no punto anterior corresponderán ao arrendatario a longo prazo do vehículo, no suposto de que houberse constancia deste no Rexistro de Vehículos.

4. Os titulares dos vehículos en réxime de arrendamento a longo prazo deberán comunicar ao Rexistro de Vehículos o arrendatario, nos termos que se determinen mediante a correspondente orde ministerial.»

Catro bis. A alínea e) do punto 2 do artigo 39 queda redactada do seguinte modo:

«e) Sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso de peóns. Non obstante, os municipios, a través de ordenanza municipal, poderán regular a parada e o estacionamento dos vehículos de dúas rodas e ciclomotores de dúas rodas sobre as beirarrúas e paseos sempre que non se prexudique nin se entorpeza o tránsito dos peóns por ela, atendendo ás necesidades daqueles que poidan portar algún obxecto voluminoso e, especialmente, ás daquelas persoas que poidan ter algunha discapacidade.»

Cinco. O artigo 59 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 59. *Normas xerais sobre autorizacións administrativas.*

1. Con obxecto de garantir a aptitude dos condutores para manexar os vehículos e a idoneidade destes para circular co mínimo de risco posible, a circulación de vehículos de motor polas vías obxecto desta lei requirirá a obtención da correspondente autorización administrativa previa.

Regulamentariamente fixaranse os datos que deben constar nas autorizacións dos condutores e dos vehículos.

2. O condutor dun vehículo queda obrigado a estar en posesión e levar consigo o seu permiso ou licenza válidos para conducir, así como o permiso de circulación do vehículo e a tarxeta de inspección técnica ou certificado de características, e deberá exhibilos ante os axentes da autoridade que llo soliciten, de acordo co que regulamentariamente se determine.

3. Nas autorizacións administrativas de circulación unicamente constará un titular.»

Seis. Inclúese un artigo 59 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 59 bis. *Domicilio e enderezo electrónico viario (EEV) dos titulares dunha autorización administrativa.*

1. O titular dunha autorización administrativa para conducir ou de circulación de vehículo comunicará aos rexistros da Dirección Xeral de Tráfico o seu domicilio. Este domicilio utilizarase para efectuar as notificacións respecto de todas as autorizacións de que dispoña. Para estes efectos, os concellos e a Axencia Estatal de Administración Tributaria poderán comunicar á Dirección Xeral de Tráfico os novos domicilios de que teñan constancia.

2. No historial de cada vehículo poderase facer constar, ademais, un domicilio para os únicos efectos de xestión dos diferentes tributos relacionados co vehículo.

3. Sen prexuízo do disposto no punto primeiro, a Dirección Xeral de Tráfico asignará ademais a todo titular dunha autorización administrativa de condución ou de circulación de vehículo, e con carácter previo á súa obtención, un enderezo electrónico viario (EEV). Este enderezo asignarase automaticamente a todas as autorizacións de que dispoña o seu titular nos rexistros de vehículos e de condutores.

4. A asignación do enderezo electrónico viario realizaráselle tamén ao arrendatario a longo prazo que conste no Rexistro de Vehículos, con carácter previo á súa inclusión.

5. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, se o titular da autorización é unha persoa física só se lle asignará un enderezo electrónico viario cando o solicite voluntariamente. Neste caso, todas as notificacións se practicarán nese enderezo electrónico viario conforme se establece no artigo 77, sen prexuízo do dereito que ao interesado lle recoñece o artigo 28.4 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

6. No enderezo electrónico viario, ademais, practicaranse os avisos e incidencias relacionados coas autorizacións administrativas recollidas nesta lei.»

Seis bis. O último parágrafo do punto 4 do artigo 60 queda redactado do seguinte modo:

«Os condutores non perderán máis de oito puntos por acumulación de infraccións nun só día, salvo que conorra algunha das infraccións moi graves a que se refiren as alíneas a), b), c), d), e), f), g), h) e i) do artigo 65, punto 5; neste caso perderán o número total de puntos que correspondan.»

Seis ter. Proponse a modificación do parágrafo segundo do punto 7 do artigo 63, que queda redactado da forma seguinte:

«7. O titular dunha autorización, que perdesse unha parte do crédito inicial de puntos asignado, poderá optar á súa recuperación parcial, ata un máximo de seis puntos, por unha soa vez cada dous anos, realizando e superando con aproveitamento un curso de sensibilización e reeducación viaria, coa excepción dos condutores profesionais que poderán realizar o citado curso con frecuencia anual.»

Sete. O título V queda redactado do seguinte modo:

«TÍTULO V

Réxime sancionador

CAPÍTULO PRIMEIRO

Infraccións e sancións

Artigo 65. *Cadro xeral de infraccións.*

1. As accións ou omisións contrarias a esta lei, desenvolvidas regulamentariamente se é o caso, terán o carácter de infraccións administrativas e serán sancionadas nos casos, forma e medida que nela se determinen.

Cando as accións ou omisións poidan constituír delitos ou faltas tipificadas nas leis penais, aplicarase o disposto no artigo 72.

2. As infraccións a que fai referencia o punto anterior clasifícanse en leves, graves e moi graves.

3. Son infraccións leves as cometidas contra as normas contidas nesta lei e nos regulamentos que a desenvolvan que non se cualifiquen expresamente como graves ou moi graves nos puntos seguintes. En particular é falta leve non facer uso por parte dos usuarios de bicicletas dos elementos e roupa reflectantes, de acordo co disposto nesta lei.

4. Son infraccións graves, cando non sexan constitutivas de delito, as condutas tipificadas nesta lei referidas a:

a) Non respectar os límites de velocidade regulamentariamente establecidos, de acordo co recollido no anexo IV.

b) Circular nun tramo a unha velocidade media superior aos límites establecidos regulamentariamente, de acordo co recollido no anexo IV.

c) Incumprir as disposicións desta lei en materia de prioridade de paso, adiantamentos, cambios de dirección ou sentido e marcha atrás, sentido da circulación, utilización de carrís e beiravías e, en xeral, toda vulneración das ordenacións especiais de tráfico por razóns de seguranza ou fluidez da circulación.

d) Parar ou estacionar no carril bus, en curvas, cambios de rasante, zonas de estacionamento para uso exclusivo de persoas con discapacidade, túneles, pasos inferiores, interseccións ou en calquera outro lugar perigoso ou no cal se obstaculice gravemente a circulación ou constitúa un risco, especialmente para os peóns.

e) Circular sen facer uso do das luces regulamentarias, salvo que o vehículo sexa unha bicicleta; neste caso a infracción terá o carácter de leve.

f) Conducir utilizando cascos, auriculares ou outros dispositivos que diminúan a obrigatoria atención permanente á conducción.

g) Conducir utilizando manualmente dispositivos de telefonía móbil, navegadores ou calquera outro sistema de comunicación.

h) Non facer uso do cinto de seguranza, sistemas de retención infantil, casco e demais elementos de protección.

i) Circular con menores de doce anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas.

j) Non respectar os sinais dos axentes que regulan a circulación.

k) Non respectar a luz vermella dun semáforo.

l) Non respectar o sinal de stop ou o sinal de ceda o paso.

ll) Conducir un vehículo sendo titular dunha autorización que carece de validez por non ter cumprido os requisitos administrativos exixidos regulamentariamente en España.

m) A conducción negligente.

n) Botar á vía ou nas súas inmediacións obxectos que poidan producir incendios ou accidentes, ou que obstaculicen a libre circulación.

ñ) Non manter a distancia de seguranza co vehículo que o precede.

o) Circular cun vehículo que incumpra as condicións técnicas regulamentariamente establecidas, salvo que se puidesen considerar incluídas no punto 5.11) seguinte, así como as infraccións relativas ás normas que regulan a inspección técnica de vehículos.

p) Incumplir a obriga de todo condutor de verificar que as placas de matrícula do vehículo non presentan obstáculos que impidan ou dificulten a súa lectura e identificación.

q) Non facilitarlle ao axente da autoridade a súa identidade nin os datos do vehículo solicitados polos afectados nun accidente de circulación, estando implicado neste.

r) Conducir vehículos coa carga mal acondicionada ou con perigo de caída.

s) Conducir un vehículo tendo suspendida a autorización administrativa para conducir ou prohibida súa utilización polo condutor.

t) Circular cun vehículo cuxo permiso de circulación está suspendido.

u) A ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50 por cento o número de prazas autorizadas, excluída a do condutor.

v) Incumplir a obriga de impedir que o vehículo sexa conducido por quen nunca obtivo o permiso ou a licenza de condución correspondente.

w) Incumplir as normas sobre o réxime de autorización e funcionamento dos centros de ensino e formación e dos centros de recoñecemento de condutores, autorizados polo Ministerio do Interior ou polos órganos competentes das comunidades autónomas, salvo que se puidesen considerar incluídas no artigo 65.6.e).

x) Circular por autoestradas ou autovías con vehículos que o teñen prohibido.

y) Non instalar os dispositivos de alerta ao condutor nos garaxes ou aparcadoiros nos termos legal e regulamentariamente previstos.

z) Circular en posición paralela con vehículos que o teñen prohibido.

5. Son infraccións moi graves, cando non sexan constitutivas de delito, as seguintes condutas:

a) Non respectar os límites de velocidade regulamentariamente establecidos, de acordo co recollido no anexo IV.

b) Circular nun tramo a unha velocidade media superior aos límites establecidos regulamentariamente, de acordo co recollido no anexo IV.

c) A condución polas vías obxecto desta lei tendo inxerido bebidas alcohólicas con taxas superiores ás que regulamentariamente se establezan, e en todo caso, a condución baixo os efectos de estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e calquera outra substancia de efectos análogos.

d) Incumplir a obriga de todos os condutores de vehículos de someterse ás probas que se establezan para a detección de posibles intoxicacións de alcohol, estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e outras substancias análogas, e a dos demais usuarios da vía cando se encontren implicados nalgún accidente de circulación.

e) A condución temeraria.

f) A circulación en sentido contrario ao establecido.

g) Participar en competicións e carreiras de vehículos non autorizadas.

h) Conducir vehículos que teñan instalados inhibidores de radar ou calquera outro mecanismo encamiñado a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico.

i) O exceso en máis do 50 por cento nos tempos de condución ou a minoración en máis do 50 por cento nos tempos de descanso establecidos na lexislación sobre transporte terrestre.

j) O incumprimento polo titular ou o arrendatario do vehículo co cal se cometese a infracción da obriga de identificar verazmente o condutor responsable desta infracción, cando sexan debidamente requiridos para isto no prazo establecido. No suposto das empresas de aluguer de vehículos sen condutor a obriga de identificar axustarase ás previsións ao respecto do artigo 9 bis.

k) Conducir un vehículo carecendo da autorización administrativa correspondente.

l) Circular cun vehículo que careza da autorización administrativa correspondente, ou que esta non sexa válida por non cumprir os requisitos exixidos regulamentariamente.

ll) Circular cun vehículo que incumpra as condicións técnicas que afecten gravemente a seguranza viaria.

m) Participar ou colaborar na colocación ou posta en funcionamento de elementos que alteren o normal funcionamento do uso do tacógrafo ou do limitador de velocidade.

6. Así mesmo, son infraccións moi graves:

a) Realizar na vía obras sen a autorización correspondente, así como a retirada, ocultación, alteración ou deterioración da sinalización permanente ou ocasional.

b) Non instalar a sinalización de obras ou facelo incorrectamente, poñendo en grave risco a seguranza viaria.

c) Incumprir as normas, regulamentariamente establecidas, que regulan as actividades industriais que afectan de maneira directa a seguranza viaria.

d) Instalar inhibidores de radar nos vehículos ou calquera outro mecanismo encamiñado a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico. Non constituirán infracción os sistemas de aviso que informan da posición dos sistemas de vixilancia do tráfico.

e) Incumprir as normas sobre o réxime de autorización e funcionamento dos centros de ensino e formación e dos centros de recoñecemento de condutores autorizados polo Ministerio do Interior ou polos órganos competentes das comunidades autónomas, que afecten a cualificación dos profesores ou facultativos, o estado dos vehículos utilizados no ensino, ou elementos esenciais que incidan directamente na seguranza viaria.

7. As infraccións derivadas do incumprimento da obriga de asegurar os vehículos de motor regularanse e sancionanse de acordo coa súa lexislación específica.

As estacións de ITV requirirán a acreditación do seguro obrigatorio en cada inspección ordinaria ou extraordinaria do vehículo. O resultado da inspección non poderá ser favorable mentres non se verifique este requisito.

Artigo 66. *Infraccións en materia de publicidade.*

As infraccións ao previsto no artigo 52 sancionanse na contía e a través do procedemento establecido na lexislación sobre defensa dos consumidores e usuarios.

Artigo 67. *Sancións.*

1. As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 100 euros, as graves con multa de 200 euros, e as moi graves con multa de 500 euros. Non obstante, as infraccións consistentes en non respectar os límites de velocidade sancionanse na contía prevista no anexo IV desta lei.

2. Sen prexuízo do disposto anteriormente, na imposición de sancións deberá terse en conta que:

a) A multa pola infracción prevista no artigo 65.5.j) será o dobre da prevista para a infracción orixinaria que a motivou, se é infracción leve, e o triplo, se é infracción grave ou moi grave.

b) A infracción recollida no artigo 65.5.h) sancionarase con multa de 6.000 euros.

c) As infraccións recollidas no artigo 65.6 sancionaranse con multa de entre 3.000 e 20.000 euros.

Así mesmo, no suposto da infracción recollida no artigo 65.6.e) poderase impoñer a sanción de suspensión da correspondente autorización polo período dun ano. Durante o tempo que dure a suspensión o seu titular non poderá obter outra autorización para as mesmas actividades.

A realización de actividades durante o tempo de suspensión da autorización suporá unha nova suspensión por un período de seis meses cando se cometa o primeiro quebrantamento, e dun ano se se producise un segundo ou sucesivos quebrantamentos.

3. No suposto de infraccións que impliquen detracción de puntos, o axente denunciante tomará nota dos datos do permiso de condución e remitiraos ao órgano sancionador competente que, cando a sanción sexa firme, os comunicará xuntamente coa sanción e a detracción de puntos correspondente ao Rexistro de Condutores e Infractores.

4. Cando o infractor non acredite a súa residencia legal en territorio español, o axente denunciante fixará provisionalmente a contía da multa e, de non depositarse o seu importe, o condutor deberá trasladar o vehículo e inmovilizalo no lugar indicado polo axente denunciante. O depósito poderase efectuar mediante tarxeta de crédito, ou en metálico en euros e, en todo caso, terase en conta o previsto no artigo 80 respecto á posibilidade de redución do 50 por cento da multa inicialmente fixada.

Artigo 68. *Graduación das sanción.*

A contía económica das multas establecidas no artigo 67.1 e no anexo IV poderase incrementar nun 30 por cento, en atención á gravidade e á transcendencia do feito, aos antecedentes do infractor e á súa condición de reincidente, o perigo potencial creado para el mesmo e para os demais usuarios da vía e ao criterio de proporcionalidade.

Os criterios de graduación establecidos anteriormente serán, así mesmo, de aplicación ás sancións polas infraccións previstas no artigo 65.6.

CAPÍTULO II

Da responsabilidade

Artigo 69. *Persoas responsables.*

1. A responsabilidade polas infraccións ao disposto nesta lei recaerá directamente no autor do feito en que consista a infracción. Non obstante:

a) O condutor dunha motocicleta, dun ciclomotor, dun vehículo de tres ou catro rodas non carrozados ou de calquera outro vehículo para o que se exixa que o condutor e o pasaxeiro usen casco será responsable pola non utilización do casco de protección polo pasaxeiro, así como por transportar pasaxeiros que non teñan a idade mínima exixida.

Así mesmo, o condutor do vehículo será responsable pola non utilización dos sistemas de retención infantil, coa excepción prevista no artigo 11.4 cando se trate de condutores profesionais.

b) Cando a autoría dos feitos cometidos corresponda a un menor de dezoito anos, responderán solidariamente con el os seus pais, titores, acolledores e

gardadores legais ou de feito, por esta orde, polo incumprimento da obriga imposta a estes que comporta un deber de previr a infracción administrativa que se lles impute aos menores.

A responsabilidade solidaria quedará referida estritamente á pecuniaria derivada da multa imposta.

c) Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo e este tivese designado un condutor habitual, a responsabilidade pola infracción recaerá neste, salvo no suposto de que acreditase que era outro o condutor ou a subtracción do vehículo.

d) Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo e este non tivese designado un condutor habitual, será responsable o condutor identificado polo titular ou o arrendatario a longo prazo, de acordo coas obrigas impostas no artigo 9 bis.

e) Nas empresas de arrendamento de vehículos a curto prazo será responsable o arrendatario do vehículo. En caso de que este manifestase non ser o condutor, ou fose persoa xurídica, corresponderanlle as obrigas que para o titular establece o artigo 9 bis. A mesma responsabilidade alcanzará aos titulares dos talleres mecánicos ou establecementos de compravenda de vehículos polas infraccións cometidas cos vehículos mentres se encontren alí depositados.

f) O titular, ou o arrendatario a longo prazo, no suposto de que constase no Rexistro de Vehículos, será en todo caso responsable das infraccións relativas á documentación do vehículo, aos recoñecementos periódicos e ao seu estado de conservación, cando as deficiencias afecten as condicións de seguranza do vehículo.

g) O titular ou o arrendatario, no suposto de que constase no Rexistro de Vehículos, será responsable das infraccións por estacionamento, salvo nos supostos en que o vehículo tivese designado un condutor habitual ou se indique un condutor responsable do feito.

2. O disposto neste artigo entenderase para os únicos efectos da determinación da responsabilidade no ámbito administrativo polas infraccións tipificadas nesta lei.

CAPÍTULO III

Procedemento sancionador

Artigo 70. *Garantía de procedemento.*

1. Non se poderá impoñer ningunha sanción polas infraccións tipificadas nesta lei senón en virtude de procedemento instruído de acordo co disposto neste capítulo e nas disposicións regulamentarias que o desenvolvan e, supletoriamente, polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os instrumentos, aparellos ou medios e sistemas de medida que sexan utilizados para a formulación de denuncias por infraccións á normativa de tráfico estarán sometidos a control metrolóxico nos termos establecidos pola Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 71. *Competencias.*

1. A competencia para sancionar as infraccións ao disposto nesta lei correspóndelle ao xefe de Tráfico da provincia en que se cometese o feito. Se se trata de infraccións cometidas no territorio de máis dunha provincia, a competencia para a súa sanción corresponderá, se é o caso, ao xefe de Tráfico da provincia en que a infracción foi primeiramente denunciada.

2. Os xefes provinciais poderán delegar esta competencia na medida e extensión que xulguen conveniente. En particular, poderán delegar no director do

Centro de Tratamento de Denuncias Automatizadas a das infraccións que fosen detectadas a través de medios de captación e reprodución de imaxes que permitan a identificación do vehículo. Así mesmo, os órganos das diferentes administracións públicas poderán delegar o exercicio das súas competencias sancionadoras mediante convenios ou encomendas de xestión ou a través de calquera outro instrumento de colaboración previsto na lexislación de procedemento administrativo común.

3. Nas comunidades autónomas que teñan transferidas as funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, serán competentes para sancionar os órganos previstos na normativa autonómica.

4. A sanción por infracción a normas de circulación cometidas en vías urbanas corresponderalles aos respectivos alcaldes, os cales poderán delegar esta facultade de acordo coa lexislación aplicable.

5. Os xefes provinciais de Tráfico e os órganos competentes que correspondan, en caso de comunidades autónomas que teñan transferidas as funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, asumirán a competencia dos alcaldes cando, por razóns xustificadas ou por insuficiencia dos servizos municipais, non poida ser exercida por estes.

6. As competencias municipais non abranguen as infraccións aos preceptos do título IV desta lei nin as cometidas en travesías mentres non teñan o carácter de vías urbanas.

7. A competencia para impoñer a suspensión do permiso ou licenza de condución ou de circulación corresponde, en todo caso, ao xefe provincial de Tráfico.

8. A competencia para sancionar as infraccións a que se refire o artigo 52 desta lei corresponderalle, en todo caso, ao director xeral de Tráfico ou ao órgano que teña atribuída a competencia nas comunidades autónomas que teñan transferidas as funcións e servizos en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, limitada ao ámbito xeográfico da comunidade autónoma.

9. Nas cidades de Ceuta e Melilla, as competencias que nos puntos anteriores se atribúen aos xefes provinciais de Tráfico, corresponderanlles aos xefes locais de Tráfico.

Artigo 72. *Actuacións administrativas e xurisdicionais penais.*

1. Cando nun procedemento administrativo de carácter sancionador se poña de manifesto un feito que ofrezca aparencia de delito ou falta perseguible de oficio, a autoridade administrativa porao en coñecemento do Ministerio Fiscal, por se procede o exercicio da acción penal, e acordará a suspensión das actuacións.

2. Concluído o proceso penal con sentenza condenatoria dos inculpados arquivarase o procedemento administrativo sen declaración de responsabilidade.

Se a sentenza fose absolutoria ou o procedemento penal finalizase con outra resolución que lle poña fin sen declaración de responsabilidade, e sempre que esta non estivese fundada na inexistencia do feito, poderase iniciar ou continuar o procedemento administrativo sancionador contra quen non fose condenado en vía penal.

3. A resolución que se dite deberá respectar, en todo caso, a declaración de feitos probados no dito procedemento penal.

Artigo 73. *Incoación.*

1. O procedemento sancionador será incoado de oficio pola autoridade competente que teña noticia dos feitos que poidan constituír infraccións tipificadas nesta lei, por iniciativa propia ou mediante denuncia dos axentes encargados do servizo de vixilancia de tráfico e control da seguranza viaria ou de calquera persoa que teña coñecemento dos feitos.

2. Non obstante, a denuncia formulada polos axentes da autoridade encargados do servizo de vixilancia do tráfico e notificada no acto ao denunciado constitúe o acto de iniciación do procedemento sancionador, para todos os efectos.

Artigo 74. Denuncias.

1. Os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico deberán denunciar as infraccións que observen cando exerzan funcións de vixilancia e control da seguranza viaria.

2. Nas denuncias por feitos de circulación deberá constar, en todo caso:

- a) A identificación do vehículo con que se cometese a suposta infracción.
- b) A identidade do denunciado, se for coñecida.
- c) Unha descrición sucinta do feito, con expresión do lugar ou tramo, data e hora.
- d) O nome e o domicilio do denunciante ou, se fose un axente da autoridade, o seu número de identificación profesional.

3. Nas denuncias que os axentes da autoridade lle notifiquen no acto ao denunciado deberá constar, ademais, para efectos do disposto no artigo 73.2:

a) A infracción presuntamente cometida, a sanción que poida corresponder e o número de puntos cuxa perda supoña a infracción, conforme o disposto nesta lei.

b) O órgano competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúe tal competencia.

c) Se o denunciado aboa a sanción no acto deberá sinalarse, ademais, a cantidade aboada e as consecuencias derivadas do pagamento da sanción previstas no artigo 80.

d) No caso de que non aboe a sanción no acto, deberase indicar que a dita denuncia inicia o procedemento sancionador e que dispón dun prazo de vinte días naturais para efectuar o pagamento, coa redución e as consecuencias establecidas no artigo 80, ou para formular as alegacións e propor as probas que xulgue convenientes. Neste caso, indicaranse os lugares, oficinas ou dependencias onde pode presentalas.

e) Se no prazo sinalado no parágrafo anterior non se formularon alegacións ou non se aboase a multa, indicarse que o procedemento se terá por concluído o día seguinte ao da finalización do dito prazo, conforme se establece no artigo 81.5.

f) O domicilio que, se é o caso, indique o interesado para efectos de notificacións. Este domicilio non se terá en conta se o denunciado ten asignado un enderezo electrónico viario, isto sen prexuízo do previsto no artigo 28.4 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

4. Nas denuncias por feitos alleos á circulación especificaranse todos os datos necesarios para a súa descrición.

Artigo 75. Valor probatorio das denuncias dos axentes da autoridade.

As denuncias formuladas polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico darán fe, salvo proba en contrario, dos feitos denunciados e da identidade de quen os cometeu, así como, se for o caso, da notificación da denuncia, sen prexuízo do deber daqueles de achegar todos os elementos probatorios que sexan posibles sobre o feito denunciado.

Artigo 76. Notificación da denuncia.

1. As denuncias notificaránselle no acto ao denunciado.

2. Non obstante, a notificación poderase efectuar nun momento posterior sempre que se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a denuncia se formule en circunstancias en que a detención do vehículo poida orixinar un risco para a circulación. Neste caso, o axente deberá indicar os motivos concretos que a impiden.

b) Que a denuncia se formule estando o vehículo estacionado, cando o condutor non estea presente.

c) Que a autoridade sancionadora tivese coñecemento dos feitos a través de medios de captación e reprodución de imaxes que permitan a identificación do vehículo.

Artigo 77. *Práctica da notificación das denuncias.*

1. As administracións con competencias sancionadoras en materia de tráfico notificarán as denuncias que non se entreguen no acto e as demais notificacións a que dea lugar o procedemento sancionador no enderezo electrónico viario.

No caso de que o denunciado non o teña, a notificación efectuarase no domicilio que expresamente indicou para o procedemento e, no seu defecto, no domicilio que figure nos rexistros da Dirección Xeral de Tráfico.

2. O sistema de notificación no enderezo electrónico viario permitirá acreditar a data e a hora en que se produza a posta á disposición do denunciado do acto obxecto de notificación, así como o acceso ao seu contido, momento a partir do cal a notificación se entenderá practicada para todos os efectos legais.

Se, existindo constancia da recepción da notificación no enderezo electrónico viario, transcorresen dez días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que aquel foi rexeitado, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso. O rexeitamento farase constar no expediente sancionador e especificaranse as circunstancias do intento de notificación, téndose por efectuado o trámite e continuándose o procedemento.

3. Cando a notificación se practique no domicilio do interesado, de non se encontrar presente este no momento de se entregar a notificación, poderase facer cargo dela calquera persoa que se encontre no domicilio e faga constar a súa identidade.

Se ninguén se fai cargo da notificación, anotarase esta circunstancia no expediente sancionador, xunto co día e a hora en que se intentou, e practicarase de novo dentro dos tres días seguintes. Se tampouco fose posible a entrega, darase por cumprido o trámite, procedéndose á publicación no taboleiro edictal de sancións de tráfico (TESTRA).

Se, estando o interesado no domicilio, rexeita a notificación, farase constar no expediente sancionador e especificaranse as circunstancias do intento de notificación, téndose por efectuado o trámite e continuándose o procedemento.

Se o resultado da notificación é que o interesado é descoñecido no domicilio ao cal se dirixiu a notificación, a Administración procederá á publicación no taboleiro edictal de sancións de tráfico (TESTRA).

Artigo 78. *Notificacións no taboleiro edictal de sancións de tráfico (TESTRA).*

1. As notificacións que non se poidan efectuar no enderezo electrónico viario ou no domicilio indicado, practicarase no taboleiro edictal de sancións de tráfico (TESTRA). Transcorrido o período de vinte días naturais desde que a notificación se publicou no TESTRA entenderase que esta foi practicada, dándose por cumprido o dito trámite e continuándose co procedemento.

2. O taboleiro edictal de sancións de tráfico será xestionado pola Dirección Xeral de Tráfico. A práctica da notificación neste efectuarase nos termos que se determinen por orde do ministro do Interior.

Artigo 79. *Clases de procedementos sancionadores.*

1. Notificada a denuncia, o denunciado disporá dun prazo de quince días naturais para realizar o pagamento voluntario con redución da sanción de multa, ou para formular as alegacións e propor ou achegar as probas que xulgue oportunas.

Se efectúa o pagamento da multa nas condicións indicadas no parágrafo anterior, seguirase o procedemento sancionador abreviado e, en caso de non facelo, o procedemento sancionador ordinario.

2. O procedemento sancionador abreviado non será de aplicación ás infraccións previstas no artigo 65, puntos 5. h), j) e 6.

3. O incumprimento da obriga de asegurar o vehículo que se establece no texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2004, do 29 de outubro, poderá sancionarse conforme un dos dous procedementos sancionadores que se establecen nesta lei.

4. Ademais de nos rexistros, oficinas e dependencias previstos no punto cuarto do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, as alegacións, escritos e recursos que deriven dos procedementos sancionadores en materia de tráfico poderanse presentar nos rexistros, oficinas e dependencias expresamente designados na correspondente denuncia ou resolución sancionadora.

Cando se presenten nos rexistros, oficinas ou dependencias non designados expresamente, estes remitiranos aos órganos competentes en materia de tráfico o antes posible.

Artigo 80. *Procedemento sancionador abreviado.*

Unha vez realizado o pagamento voluntario da multa, xa sexa no acto de entrega da denuncia ou dentro do prazo de quince días naturais contados desde o día seguinte ao da súa notificación, terase por concluído o procedemento sancionador coas seguintes consecuencias:

- a) A redución do 50 por cento do importe da sanción de multa.
- b) A renuncia a formular alegacións. No caso de que fosen formuladas teranse por non presentadas.
- c) A terminación do procedemento, sen necesidade de ditar resolución expresa, o día en que se realice o pagamento.
- d) O esgotamento da vía administrativa sendo impugnabile unicamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.
- e) O prazo para interpor o recurso contencioso-administrativo iniciárase o día seguinte a aquel en que teña lugar o pagamento.
- f) A firmeza da sanción na vía administrativa desde o momento do pagamento, que producirá plenos efectos desde o día seguinte.
- g) A sanción non computará como antecedente no Rexistro de Condutores e Infractores, sempre que se trate de infraccións graves que non supoñan perda de puntos.

Artigo 81. *Procedemento sancionador ordinario.*

1. Notificada a denuncia, o interesado disporá dun prazo de quince días naturais para formular as alegacións que teña por conveniente e propor ou achegar as probas que xulgue oportunas.

2. No suposto de que non se producise a detención do vehículo, o titular, o arrendatario a longo prazo ou o condutor habitual, se é o caso, disporán dun prazo de quince días naturais para identificar o condutor responsable da infracción contra o cal se iniciará o procedemento sancionador. Esta identificación efectuarase por medios telemáticos se a notificación se efectuase a través do enderezo electrónico viario.

3. Se as alegacións formuladas achegasen datos novos ou distintos dos constatados polo axente denunciante, e sempre que o instrutor o xulgue necesario, darase traslado daquelas ao axente para que emita informe no prazo de quince días naturais.

En todo caso, o instrutor poderá acordar que se practiquen as probas que coide pertinentes para a pescuda e cualificación dos feitos e para a determinación das posibles responsabilidades. A denegación da práctica das probas deberá ser motivada, deixando constancia no expediente sancionador.

4. Concluída a instrución do procedemento, o órgano instrutor elevará proposta de resolución ao órgano competente para sancionar para que dite a resolución que proceda. Unicamente se dará traslado da proposta ao interesado, para que poida formular novas alegacións no prazo de quince días naturais, se figuran no procedemento ou se tivesen en conta na resolución outros feitos ou outras alegacións e probas diferentes ás aducidas polo interesado.

5. Se o denunciado non formula alegacións nin aboa o importe da multa no prazo de quince días naturais seguintes ao da notificación da denuncia, esta producirá o efecto de acto resolutorio do procedemento sancionador. Neste suposto, a sanción poderase executar transcorridos trinta días naturais desde a notificación da denuncia.

O disposto anteriormente será de aplicación unicamente cando se trate de:

- a) Infraccións leves.
- b) Infraccións graves que non detraían puntos.
- c) Infraccións graves e moi graves cuxa notificación se efectuase no acto da denuncia.

A terminación do procedemento pon fin á vía administrativa e a sanción poderase executar desde o día seguinte ao transcurso dos trinta días antes indicados.

Artigo 82. *Recursos no procedemento sancionador ordinario.*

1. A resolución sancionadora porá fin á vía administrativa e a sanción poderase executar desde o día seguinte a aquel en que se lle notifique ao interesado, producindo plenos efectos, ou, se é o caso, unha vez que transcorrese o prazo indicado no último punto do artigo anterior.

2. Contra as resolucións sancionadoras, poderase interpor recurso de reposición, con carácter potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

O recurso interporase ante o órgano que ditou a resolución sancionadora, que será o competente para resolvelo.

3. A interposición do recurso de reposición non suspenderá a execución do acto impugnado nin a da sanción. No caso de que o recorrente solicite a suspensión da execución, esta entenderase denegada transcorrido o prazo dun mes desde a solicitude sen que se resolverse.

4. Non se terán en conta na resolución do recurso feitos, documentos e alegacións do recorrente que puidesen ter sido achegados no procedemento orixinario.

5. O recurso de reposición regulado neste artigo entenderase desestimado se non recae resolución expresa no prazo dun mes e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.

6. Contra as resolucións sancionadoras ditadas polos órganos competentes das comunidades autónomas que teñan transferidas competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, así como polas ditadas polos alcaldes, no caso das entidades locais, aplicarase o establecido nos puntos anteriores respectando a competencia sancionadora prevista na súa normativa específica.

CAPÍTULO IV

Das medidas provisionais e doutras medidas

Artigo 83. *Medidas provisionais.*

1. O órgano competente que ordenase a incoación do procedemento sancionador poderá adoptar mediante acordo motivado, en calquera momento da instrución do procedemento sancionador, as medidas provisionais que aseguren a eficacia da resolución final que poida recaer no procedemento sancionador.

2. Os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico como consecuencia de presuntas infraccións ao disposto nesta lei unicamente poderán adoptar a inmovilización do vehículo nos supostos previstos no artigo 84.

Artigo 84. *Inmovilización do vehículo.*

1. Poderase proceder á inmovilización do vehículo cando:

- a) O vehículo careza de autorización administrativa para circular, ben por non tela obtido ou porque foi obxecto de anulación, declarada a súa perda de vixencia.
- b) O vehículo presente deficiencias que constitúan un risco especialmente grave para a seguranza viaria.
- c) O condutor ou o pasaxeiro non fagan uso do casco de protección, nos casos en que sexa obrigatorio.
- d) Teña lugar a negativa a efectuar as probas a que se refire o artigo 12.2 e 3 ou estas dean un resultado positivo.
- e) O vehículo careza de seguro obrigatorio.
- f) Se observe un exceso nos tempos de condución ou unha minoración nos tempos de descanso que sexan superiores ao 50 por cento dos tempos establecidos regulamentariamente, salvo que o condutor sexa substituído por outro.
- g) Se produza unha ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50 por cento o número de prazas autorizadas, excluída a do condutor.
- h) O vehículo supere os niveis de gases, fumes e ruído permitidos regulamentariamente segundo o tipo de vehículo.
- i) Existan indicios racionais que poñan de manifesto a posible manipulación nos instrumentos de control.
- j) Se detecte que o vehículo está dotado de mecanismos ou sistemas encamiñados a eludir a vixilancia dos axentes de tráfico e dos medios de control a través de captación de imaxes.

A inmovilización levantarase no momento en que cese a causa que a motivou.

Nos supostos previstos no punto 1, alíneas h), i) e j), a inmovilización só se levantará no suposto de que, trasladado o vehículo a un taller designado polo axente da autoridade, aquel certifique a desaparición do sistema ou manipulación detectada ou xa non se superen os niveis permitidos.

2. No suposto recollido no punto 1, alínea e), aplicarase o disposto no texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2004, do 29 de outubro.

3. A inmovilización do vehículo producirase no lugar sinalado polos axentes da autoridade. Para estes efectos, o axente poderá indicarlle ao condutor do vehículo que continúe circulando ata o lugar designado.

4. Os gastos que se orixinen como consecuencia da inmovilización do vehículo serán por conta do condutor que cometeu a infracción. No seu defecto, serán por conta do condutor habitual ou do arrendatario e, na falta destes, do titular. Os gastos deberán ser aboados como requisito previo a levantar a medida de inmovilización, sen prexuízo do correspondente dereito de defensa e da posibilidade de repercutilos sobre a persoa responsable que dese lugar a que a Administración adopte esta medida.

Nos supostos previstos no punto 1, alíneas h), i) e j), os gastos da inspección serán por conta do denunciado, si se acredita a infracción.

5. Se o vehículo inmovilizado fose utilizado en réxime de arrendamento, a inmovilización do vehículo substituirase pola prohibición de uso do vehículo polo infractor.

Artigo 85. *Retirada e depósito do vehículo.*

1. A autoridade encargada da xestión do tráfico poderá proceder, se o obrigado a isto non o fai, á retirada do vehículo da vía e ao seu depósito no lugar que se designe nos seguintes casos:

- a) Sempre que constituía perigo, cause graves perturbacións á circulación de vehículos ou peóns ou deteriore algún servizo ou patrimonio público.
- b) En caso de accidente que impida continuar a súa marcha.
- c) Cando, procedendo legalmente a inmovilización do vehículo, non haxa lugar adecuado para practicala sen obstaculizar a circulación de vehículos ou persoas.
- d) Cando, inmovilizado un vehículo de acordo co disposto no artigo 84, non cesasen as causas que motivaron a inmovilización.
- e) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como zonas de aparcadoiro reservado para o uso de persoas con discapacidade sen colocar o distintivo que o autoriza.
- f) Cando un vehículo permaneza estacionado nos carrís ou partes das vías reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios e nas zonas reservadas á carga e descarga.
- g) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria sen colocar o distintivo que o autoriza, ou cando se exceda o triplo do tempo aboado conforme o establecido na ordenanza municipal.

2. Salvo nos casos de subtracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular, debidamente xustificadas, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada a que se refire o punto anterior, serán por conta do titular, do arrendatario ou do condutor habitual, segundo o caso, que deberá aboalos como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de recurso que o asiste e da posibilidade de repercutilos sobre o responsable do accidente, do abandono do vehículo ou da infracción que dese lugar á retirada.

3. A Administración deberá comunicar a retirada e depósito do vehículo ao titular no prazo de 24 horas. A comunicación efectuarase a través do enderezo electrónico viario, se o titular dispón del.

Artigo 86. *Tratamento residual do vehículo.*

1. A Administración competente en materia de xestión do tráfico poderá ordenar o traslado do vehículo a un centro autorizado de tratamento de vehículos para a súa posterior destrución e descontaminación:

- a) Cando transcorresen máis de dous meses desde que o vehículo foi inmovilizado ou retirado da vía pública e depositado pola Administración e o seu titular non formulase alegacións.
- b) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente desperfectos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matrícula.
- c) Cando recollido un vehículo como consecuencia de avaría ou accidente deste nun recinto privado o seu titular non o retirase no prazo de dous meses.

Con anterioridade á orde de traslado do vehículo, a Administración requirirá o seu titular advertíndolle que, de non proceder á súa retirada no prazo dun mes, se procederá ao seu traslado ao centro autorizado de tratamento.

2. No suposto previsto no punto 1, alínea c), o propietario ou responsable do lugar ou recinto deberá solicitar da xefatura provincial de Tráfico autorización para o tratamento residual do vehículo. Para estes efectos deberá presentar a documentación que acredite que solicitou ao titular do vehículo a retirada do seu recinto.

3. Naqueles casos en que se considere conveniente, a xefatura provincial de Tráfico, os órganos competentes das comunidades autónomas con competencias en materia de tráfico, e o alcalde ou autoridade correspondente por delegación, poderán acordar a substitución da destrución do vehículo pola súa adxudicación aos servizos de vixilancia e control do tráfico, respectivamente en cada ámbito.

Artigo 87. *Limitacións de disposición nas autorizacións administrativas.*

O titular dun permiso ou licenza de condución non poderá efectuar ningún trámite relativo aos vehículos dos cales fose titular no Rexistro de Vehículos cando figurasen como impagadas no seu historial de condutor catro sancións firmes en vía administrativa por infraccións graves ou moi graves.

O titular dun vehículo non poderá efectuar ningún trámite relativo a el cando figurasen como impagadas no historial do vehículo catro sancións firmes en vía administrativa por infraccións graves ou moi graves.

Queda exceptuado do disposto nos parágrafos anteriores o trámite de baixa temporal ou definitiva de vehículos.

CAPÍTULO V

Execución das sancións

Artigo 88. *Execución das sancións.*

Unha vez firmes en vía administrativa, poderase proceder á execución das sancións conforme o previsto nesta lei.

Artigo 89. *Execución da sanción de suspensión das autorizacións.*

O cumprimento da sanción de suspensión das autorizacións reguladas nesta lei iniciarase transcorrido un mes desde que a sanción adquirise firmeza en vía administrativa e o seu período de suspensión anotárase nos correspondentes rexistros.

Artigo 90. *Cobramento de multas.*

1. As multas que non fosen aboadas durante o procedemento deberanse facer efectivas dentro dos quince días naturais seguintes á data da firmeza da sanción.

2. Vencido o prazo de ingreso establecido no punto anterior sen que se pagase a multa, a súa exacción levarase a cabo polo procedemento de constrinximento. Para tal efecto, será título executivo a providencia de constrinximento notificada ao debedor, expedida polo órgano competente da Administración xestora.

3. Cando as sancións fosen impostas pola Administración do Estado, os órganos e procedementos da recadación executiva serán os establecidos no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, e demais normas de aplicación. Nos demais casos, serán os establecidos na lexislación aplicable segundo as autoridades que as impuxesen.

Artigo 91. *Responsables subsidiarios do pagamento de multas.*

1. Os titulares dos vehículos cos cales se cometese unha infracción serán responsables subsidiarios en caso de falta de pagamento da multa imposta ao condutor, salvo nos seguintes supostos:

- a) Roubo, furto ou calquera outro uso en que quede acreditado que o vehículo foi utilizado en contra da súa vontade.
- b) Cando o titular sexa unha empresa de aluguer sen condutor.
- c) Cando o vehículo teña designado un arrendatario a longo prazo no momento de se cometer a infracción. Neste caso, a responsabilidade recaerá neste.
- d) Cando o vehículo teña designado un condutor habitual no momento de se cometer a infracción. Neste caso, a responsabilidade recaerá neste.

2. A declaración de responsabilidade subsidiaria e as súas consecuencias, incluída a posibilidade de adoptar medidas cautelares, rexeranse polo disposto na

Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación.

3. O responsable que satisfaga a multa ten dereito de reembolso contra o infractor pola totalidade do que satisfaga.

CAPÍTULO VI

Da prescripción, caducidade e cancelación de antecedentes

Artigo 92. *Prescripción e caducidade.*

1. O prazo de prescripción das infraccións previstas nesta lei será de tres meses para as infraccións leves e de seis meses para as infraccións graves e moi graves.

O prazo de prescripción comezará a contar a partir do mesmo día en que os feitos se cometeron.

2. A prescripción interrómpese por calquera actuación administrativa de que teña coñecemento o denunciado ou estea encamiñada a coñecer a súa identidade ou domicilio e se practique con outras administracións, institucións ou organismos. Tamén se interrompe pola notificación efectuada de acordo cos artigos 76, 77 e 78.

O prazo de prescripción reiniciarase se o procedemento se paraliza durante máis dun mes por causa non imputable ao denunciado.

3. De non se producir a resolución sancionadora transcorrido un ano desde a iniciación do procedemento, producirase a súa caducidade e procederase ao arquivo das actuacións, por solicitude de calquera interesado ou de oficio polo órgano competente para ditar resolución.

Cando a paralización do procedemento se producise por causa do coñecemento dos feitos pola xurisdición penal, o prazo de caducidade suspenderase e, unha vez que adquirise firmeza a resolución xudicial, reiniciarase o cómputo do prazo de caducidade polo tempo que restaba no momento de acordar a suspensión.

4. O prazo de prescripción das sancións consistentes en multa pecuniaria será de catro anos e, o das demais sancións, será dun ano, computados desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza en vía administrativa a sanción.

O cómputo e a interrupción do prazo de prescripción do dereito da Administración para exixir o pagamento das sancións consistentes en multa pecuniaria rexeranse polo disposto na Lei xeral tributaria.

Artigo 93. *Anotación e cancelación.*

1. As sancións graves e moi graves deberán ser comunicadas ao Rexistro de Condutores e Infractores pola autoridade que a impuxo no prazo dos quince días naturais seguintes á súa firmeza en vía administrativa.

2. As autoridades xudiciais comunicarán ao Rexistro de Condutores e Infractores, no prazo dos quince días naturais seguintes á súa firmeza, as penas de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores que impoñan por sentenzas pola comisión de delitos ou faltas contra a seguranza viaria.

3. No Rexistro de Vehículos quedarán reflectidas as sancións firmes graves e moi graves en que un vehículo tanto matriculado en España como no estranxeiro estivese implicado e a súa falta de pagamento, se é o caso. Estas anotacións formarán parte do historial do vehículo.

4. As anotacións cancelaranse de oficio, para efectos de antecedentes, unha vez transcorridos tres anos desde o seu total cumprimento ou prescripción.»

Oito. O título VI queda redactado do seguinte modo:

«TÍTULO VI

Do Rexistro Estatal de Víctimas e Accidentes de Tráfico

Artigo 94. *O Rexistro Estatal de Víctimas de Accidentes de Tráfico.*

1. Créase o Rexistro Estatal de Víctimas de Accidentes de Tráfico.
2. As comunidades autónomas con competencias en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor poderán crear, respecto aos seus ámbitos territoriais, os seus propios rexistros de vítimas de accidentes de tráfico.

Artigo 95. *Finalidade do Rexistro.*

1. No Rexistro Estatal de Víctimas e Accidentes de Tráfico figurarán unicamente aqueles datos que sexan relevantes e que permitan dispor da información necesaria para determinar as causas e circunstancias en que se producisen os accidentes de tráfico e as súas consecuencias.

Os datos que se incorporen no Rexistro non conterán máis datos identificativos dos implicados ou relacionados coa súa saúde que os estritamente necesarios para o cumprimento da súa finalidade, conforme se establece no punto anterior.

2. O titular responsable do Rexistro adoptará as medidas de xestión e organización necesarias para asegurar, en todo caso, a confidencialidade, seguranza e integridade dos datos automatizados de carácter persoal existentes no Rexistro e o seu uso para as finalidades para as que foron recollidos, así como as conducentes a facer efectivas as garantías, obrigas e dereitos recoñecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e as súas normas de desenvolvemento.

Artigo 96. *Comunicación e acceso aos datos do Rexistro.*

A comunicación da información referente ás vítimas de accidentes de tráfico efectuarase nos termos que se determinen por orde ministerial.»

Nove. A disposición adicional décimo terceira queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional décimo terceira. *Obtención do permiso ou licenza de condución cando o seu titular fose condenado por sentenza penal coa privación do dereito a conducir.*

1. O titular dunha autorización administrativa para conducir que perdesa a súa vixencia de acordo co previsto no artigo 47 do Código penal, ao ter sido condenado por sentenza firme á pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo superior a dous anos, poderá obter, unha vez cumprida a condena, unha autorización administrativa da mesma clase e coa mesma antigüidade, de acordo co procedemento establecido no artigo 63.7 para a perda de vixencia da autorización pola perda total dos puntos asignados.

O permiso que se obteña disporá dun saldo de 8 puntos.

2. Se a condena é inferior a dous anos, para volver conducir, unicamente deberá acreditar ter superado con aproveitamento o curso de reeducación e sensibilización viaria a que fai referencia o primeiro parágrafo do citado artigo 63.7.»

Dez. Incorpórase unha disposición adicional décimo cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Documentación correspondente a outras administracións públicas.*

O organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e as administracións públicas competentes poderán articular mecanismos de cooperación, mediante os oportunos

convenios de colaboración, para a transmisión dos documentos que as citadas administracións deban remitir, por imposición dunha normativa allea a esta lei, ao dito organismo autónomo.»

Once. Incorpórase unha disposición adicional décimo quinta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo quinta. *O taboleiro edictal de sancións de tráfico (TESTRA).*

O funcionamento, a xestión e a publicación no taboleiro edictal de sancións de tráfico (TESTRA) farase con pleno sometemento ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e conforme os requisitos exixidos pola Lei 11/2007, do 22 de xuño.»

Doce. Incorpórase unha disposición adicional décimo sexta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo sexta. *Cambios na limitación de velocidade.*

O titular da vía deberá comunicar ás autoridades competentes en materia de xestión do tráfico, cunha antelación mínima dun mes, os cambios que realice nas limitacións de velocidade.»

Trece. Incorpórase unha disposición adicional décimo sétima coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo sétima. *Marchas cicloturistas.*

O Goberno, no prazo dun ano contado a partir da entrada en vigor desta lei, levará a cabo as modificacións regulamentarias necesarias para dar nova regulación ás marchas cicloturistas.»

Catorce. A disposición derradeira única pasa a ser primeira ao incorporarse unha disposición derradeira segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira segunda. *Actualización das contías das sancións de multa.*

O Goberno, mediante real decreto, poderá actualizar a contía das sancións de multa previstas nesta lei, atendendo á variación que experimente o índice de prezos de consumo.»

Quince. No anexo I inclúese un punto 1 bis «Conductor habitual» coa seguinte redacción:

«1.bis. *Conductor habitual.*—Para os exclusivos efectos previstos nesta lei será a persoa que, contando co permiso ou licenza de condución necesario, que estará inscrito no Rexistro de Conductores e Infractores, foi designada polo titular dun vehículo, logo do seu consentimento, en virtude do disposto no artigo 9 bis, por ser aquela que de maneira usual ou con maior frecuencia conduce o dito vehículo.»

Dezaseis. O anexo II queda redactado do seguinte modo:

«ANEXO II

Infraccións que supoñen a perda de puntos

O titular dun permiso ou licenza de condución que sexa sancionado en firme en vía administrativa pola comisión dalgunha das infraccións que a continuación se relacionan perderá o número de puntos que, para cada unha delas, se sinalan a seguir:

	Puntos
1. Conducir cunha taxa de alcohol superior á regulamentariamente establecida:	
Valores mg/l aire espirado, máis de 0,50 (profesionais e titulares de permisos de condución con menos de dous anos de antigüidade máis de 0,30 mg/l)	6
Valores mg/l aire espirado, superior a 0,25 ata 0,50 (profesionais e titulares de permisos de condución con menos de dous anos de antigüidade máis de 0,15 ata 0,30 mg/l)	4
2. Conducir baixo os efectos de estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e outras substancias de efectos análogos	6
3. Incumprir a obriga de someterse ás probas de detección do grao de alcoholemia, de estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e outras substancias de efectos análogos	6
4. Conducir de forma temeraria, circular en sentido contrario ao establecido ou participar en carreiras ou competicións non autorizadas	6
5. Conducir vehículos que teñan instalados mecanismos ou sistemas encamiñados a inhibir a vixilancia do tráfico, ou que leven instrumentos coa mesma intención, así como de inhibición de sistemas de detección de radar	6
6. O exceso en máis do 50 por cento nos tempos de condución ou a minoración en máis do 50 por cento nos tempos de descanso establecidos na lexislación sobre transporte terrestre	6
7. A participación ou colaboración necesaria dos condutores na colocación ou posta en funcionamento de elementos que alteren o normal funcionamento do uso do tacógrafo ou do limitador de velocidade	6
8. Conducir un vehículo cun permiso ou licenza que non o habilite para isto	4
9. Botar á vía ou nas súas inmediacións obxectos que poidan producir incendios, accidentes de circulación ou obstaculizar a libre circulación	4
10. Incumprir as disposicións legais sobre prioridade de paso, e a obriga de se deter no sinal de stop, ceda o paso e nos semáforos con luz vermella acesa	4
11. Incumprir as disposicións legais sobre adiantamento poñendo en perigo ou entorpecendo os que circulen en sentido contrario e adiantar en lugares ou circunstancias de visibilidade reducida	4
12. Adiantar poñendo en perigo ou entorpecendo a ciclistas	4
13. Efectuar o cambio de sentido incumprindo as disposicións recollidas nesta lei e nos termos establecidos regulamentariamente.	3
14. Realizar a manobra de marcha atrás en autoestradas e autovías	4
15. Non respectar os sinais dos axentes que regulan a circulación	4
16. Non manter a distancia de seguranza co vehículo que o precede	4
17. Conducir utilizando cascos, auriculares ou outros dispositivos que diminúan a atención á condución ou utilizar manualmente dispositivos de telefonía móbil, navegadores ou calquera outro sistema de comunicación. Conforme os avances da tecnoloxía, poderanse precisar regulamentariamente os dispositivos incluídos neste punto	3

	Puntos
18. Non facer uso do cinto de seguranza, sistemas de retención infantil, casco e demais elementos de protección	3
19. Conducir un vehículo tendo suspendida a autorización administrativa para conducir ou tendo prohibido o uso do vehículo que se conduce.	4

A detracción de puntos por exceso de velocidade producirase de acordo co establecido no anexo IV.

A perda de puntos unicamente se producirá cando o feito do cal deriva a detracción de puntos se produce con ocasión da condución dun vehículo para o que se exixa autorización administrativa para conducir.

O crédito de puntos é único para todas as autorizacións administrativas das que sexa titular o condutor.»

Dezasete. Inclúese un anexo IV co seguinte contido:

«ANEXO IV

Cadro de sancións e puntos por exceso de velocidade

Infracción sobre exceso de velocidade captado por cinemómetro

Límite		30	40	50	60	70	80	90	100	110	120	Multa	Puntos
Exceso velocidade	Grave	31	41	51	61	71	81	91	101	111	121	100	-
		50	60	70	90	100	110	120	130	140	150		
		51	61	71	91	101	111	121	131	141	151	300	2
		60	70	80	110	120	130	140	150	160	170		
		61	71	81	111	121	131	141	151	161	171	400	4
		70	80	90	120	130	140	150	160	170	180		
	71	81	91	121	131	141	151	161	171	181	500	6	
80	90	100	130	140	150	160	170	180	190				
	Moi grave	81	91	101	131	141	151	161	171	181	191	600	6

Nos tramos de autovías e autoestradas interurbanas de acceso ás cidades en que se establecesen límites inferiores a 100 km/h, os excesos de velocidade sancionaranse coa multa económica correspondente ao cadro de sancións do anexo IV. O resto dos efectos administrativos e penais só se producirá cando se superen os 100 km/h e nos termos establecidos para este límite.»

Disposición adicional primeira. *Referencias ao Consello Superior de Tráfico e Seguranza da Circulación Viaria.*

Todas as referencias na normativa vixente ao Consello Superior de Tráfico e Seguranza da Circulación Viaria, entenderanse feitas ao Consello Superior de Seguranza Viaria.

Disposición adicional segunda. *Asignación do enderezo electrónico viario (EEV).*

A Dirección Xeral de Tráfico asignará un enderezo electrónico viario (EEV) a toda persoa xurídica que obteña unha autorización administrativa de circulación de vehículo, unha vez que entre en vigor esta lei, conforme o disposto no artigo 59 bis.

Ás persoas xurídicas non incluídas no parágrafo anterior e ás persoas físicas que o soliciten tamén se lles asignará un enderezo electrónico viario (EEV).

Disposición adicional terceira. *Obriga de destinar as sancións económicas ao financiamento de seguranza viaria, prevención de accidentes de tráfico e axuda ás vítimas.*

O importe das sancións económicas obtidas por infraccións á Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, no ámbito da Administración xeral do Estado, destinarase integramente ao financiamento de actuacións e servizos en materia de seguranza viaria, prevención de accidentes de tráfico e axuda ás vítimas.

Disposición adicional cuarta. *Medidas de seguranza para discapitados en aparcadoiros.*

1. En execución da disposición adicional trixésimo primeira da Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de seguranza social, o Goberno modificará no prazo de seis meses o Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación, para introducir nel a obriga de incorporar nos accesos aos aparcadoiros e garaxes dispositivos que alerten o condutor da presenza de peóns nas proximidades da entrada e saída á vía pública dos ditos establecementos.

2. Regulamentariamente fixarase o prazo gradual de instalación destes dispositivos nos garaxes e aparcadoiros xa existentes atendendo ao seu número de prazas.

Disposición adicional quinta. *Notificacións e taboleiro edictal de sancións de tráfico en comunidades autónomas con competencias executivas en materia de tráfico.*

As comunidades autónomas con competencias executivas en materia de tráfico poderán substituír as notificacións no enderezo electrónico viario por notificacións a través das súas propias plataformas informáticas, para aqueles cidadáns que opten por estas.

As publicacións no taboleiro edictal de sancións de tráfico das comunidades autónomas con competencias executivas en materia de tráfico poderanse efectuar a través dos seus propios taboleiros edictais. Neste caso, os taboleiros deberán interoperar entre si permitindo ao cidadán, a través dun único acceso, o coñecemento e a comunicación de calquera notificación de procedementos sancionadores que sobre el existan.

As administracións locais pertencentes aos ámbitos territoriais das comunidades autónomas con competencias en materia de tráfico poderán subscribir convenios de colaboración para efectuar as notificacións telemáticas a través das plataformas de notificación e dos taboleiros edictais da comunidade autónoma.

Disposición adicional sexta. *Revisión da normativa sobre sinalización viaria vertical.*

No prazo dun ano o Goberno revisará a normativa vixente que regula a sinalización viaria vertical para adaptar as súas dimensións mínimas á intensidade actual do tráfico e ao incremento na idade media dos condutores.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos sancionadores en tramitación no momento da entrada en vigor da lei.*

Os procedementos sancionadores en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei seguiranse rexendo, ata a súa terminación, polas normas vixentes no momento da súa iniciación, salvo que de acordo co previsto na disposición derradeira sétima puidesen derivar efectos máis favorables referentes á suspensión do permiso de condución e á perda de puntos.

Contra as resolucións sancionadoras que recaian nos ditos procedementos, interporanse os recursos previstos no artigo 80 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria vixente no momento da súa iniciación.

Disposición transitoria segunda. *Notificacións telemáticas.*

1. O organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e os órganos das comunidades autónomas con competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor virán obrigados a efectuar as notificacións telemáticas no momento da entrada en vigor desta lei.

2. As administracións locais con competencias en materia de tráfico virán obrigadas a efectuar as notificacións telemáticas ao enderezo electrónico viario no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor desta lei.

Durante ese prazo de tempo, os titulares de vehículos aínda que teñan asignado un enderezo electrónico viario (EEV) poderán seguir recibindo no seu domicilio, conforme o disposto no artigo 59 bis.1, as notificacións practicadas polas administracións locais con competencias en materia de tráfico.

3. Os prazos establecidos nos puntos anteriores aplicaranse na medida en que sexan compatibles co disposto na disposición derradeira terceira da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

Disposición transitoria terceira. *Límites de velocidade para vehículos de tres rodas asimilados a motocicletas.*

Ata que se modifique o Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, e se fixen os límites de velocidade para os vehículos de tres rodas asimilados ás motocicletas, estes vehículos terán os mesmos límites de velocidade que se establecen no dito regulamento para as motocicletas de dúas rodas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o punto terceiro do artigo 14 do Regulamento do seguro obrigatorio de responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 1507/2008, do 12 de setembro, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

Incorpórase unha disposición adicional oitava bis á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava bis. *Procedemento sancionador en materia de tráfico e seguranza viaria.*

Os procedementos administrativos para a imposición de sancións por infraccións en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, rexeranse polo disposto na súa lexislación específica e, supletoriamente, polo disposto nesta lei.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2004, do 29 de outubro.*

Suprímense os parágrafos terceiro e cuarto da alínea b) do punto primeiro do artigo 3 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2004, do 29 de outubro, e os puntos segundo e terceiro do mesmo artigo quedan redactados do seguinte modo:

«2. Para sancionar a infracción serán competentes os xefes provinciais de tráfico ou, nas comunidades autónomas que teñan transferidas competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, os órganos previstos na normativa autonómica, nos termos establecidos no artigo 71 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo.

3. A infracción sancionárase conforme un dos procedementos sancionadores previstos no texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

A alínea j) do punto 1 do artigo 95 queda redactada do seguinte modo:

«j) A colaboración con órganos ou entidades de dereito público encargados da recadación de recursos públicos non tributarios para a correcta identificación dos obrigados ao pagamento e coa Dirección Xeral de Tráfico para a práctica das notificacións a estes, dirixidas ao cobramento de tales recursos.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.^a da Constitución española, que lles atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

Exceptúase do anterior:

A disposición derradeira primeira, que se dita a abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para regular o procedemento administrativo común.

A disposición derradeira segunda, que se dita ao abeiro do establecido no artigo 149.1.6.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación mercantil.

A disposición derradeira terceira, que se dita ao abeiro do establecido no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira quinta. *Adaptación doutras normas.*

O Goberno procederá a adaptar todas aquelas normas que se vexan afectadas polas modificacións introducidas por esta lei.

Disposición derradeira sexta. *Desenvolvemento regulamentario.*

1. O Goberno, por proposta do ministro do Interior, aprobará as normas necesarias para o desenvolvemento desta lei.

2. En todo caso, no prazo de seis meses desde que entre en vigor esta lei, dítase un novo regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo os artigos 9.bis 2, 59 bis, 77 e 78, que entrarán en vigor no prazo dun ano, e os efectos desta lei que sexan favorables para o infractor, que entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO